



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, e a Delegada da Zona Franca de Vigo, Teresa Pedrosa Silva, presentaron este luns, 23 de maio, a nova edición de **ViaGalicia**, o programa de aceleración de empresas impulsado polo Consorcio Zona Franca de Vigo e a Xunta de Galicia.

Unha das principais novidades desta cuarta edición é que **se amplía o número de proxectos acelerados a 19**, con 4 proxectos específicos do sector aeroespacial. Esta ampliación enmárcase na aposta da Xunta e a Zona Franca pola **consolidación do sector aeroespacial en Galicia**, en liña coa **Civil UAVs Initiative** que está a impulsar a creación dun polo industrial e de desenvolvemento tecnolóxico arredor deste sector.

Para facilitar a participación de emprendedores do norte e do sur de Galicia, manteranse **dúas sedes, unha en Vigo e outra en Lugo**, en donde participarán na fase de Academia un total de 40 proxectos até a fase de aceleración, que se celebrará de forma conxunta nas instalacións do Centro de Negocios de Porto do Molle en Nigrán.

Por último, os proxectos vinculados a tecnoloxías dixitais de **implantación na Industria 4.0** contarán ademais co apoio do **CIS Galicia**, que porá á súa disposición recursos, instalacións e equipamentos para o desenvolvemento de habilitadores dixitais específicos que lles permitan avanzar cara a unha industria conectada, intelixente, eficiente e sustentable.

Viagalicia é un programa de **18 meses de duración** que combina, baixo a supervisión dun equipo de expertos, **formación,**

titorización, mentoring, espazo de traballo en coworking e financiamento, co fin de poder validar e conseguir que un proxecto chegue a ser empresa nun curto espazo de tempo.

Durante as diferentes fases, **avaliáanse os progresos dos equipos participantes** coa finalidade de que os mellores proxectos cheguen a ser novas empresas que consigan o apoio de investidores privados e socios industriais. O apoio financeiro, no que participa a Axencia Galega de Innovación (GAIN), é de **125.000€ por proxecto entre subvencións e prestamos**.

**GAIN** participa nesta iniciativa dentro do seu ámbito de actuacións encamiñadas a favorecer a creación, modernización e consolidación do tecido industrial e produtivo galego. Neste senso, GAIN está a implementar programas e actividades que promovan, apoiem e dinamicen as iniciativas innovadoras e emprendedoras.

Podes obter mais información sobre este programa, que **ten de prazo até o 15 de xullo**, na seguinte **ligazón**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).